

Regina Polín: "As multas impostas ós veciños de Guitiriz por expresar a súa opinión non encaixan nun sistema democrático"

Representantes do PSdeG apoiaron ós afectados, que presentaron na Sudelegación do Goberno alegacións e máis de 700 firmas pedindo a retirada das sancións que lles impuxeron por reivindicar que non se reabriese ó tráfico a Rúa do Mercado

A reacción veciñal "ante a aberración do Alcalde foi totalmente pacífica. Cremos que cruzar os pasos de peóns e cantar cancións populares non é punible", subliña a Deputada provincial pola Terra Chá

A socialista critica que o rexedor incumpra o mandato xudicial de repoñer os elementos arquitectónicos que retirou da rúa para abrila de novo á circulación rodada

Representantes provinciais e locais do PSdeG-PSOE apoiaron ós veciños de Guitiriz que este mércores presentaron na Subdelegación do Goberno de Lugo alegacións e máis de 700 firmas pedindo que lles sexan retiradas as multas que lles impuxeron por reivindicar o pasado mes de maio que non se reabrira ó tráfico a Rúa do Mercado, unha medida que, ademais de contar co rexeitamento veciñal, foi adoptada polo goberno local sen contar coa preceptiva autorización da Deputación de Lugo, titular da vía.

A Deputada provincial pola Terra Chá Regina Polín manifestou o apoio dos socialistas ós guitiricenses que "foron inxustamente sancionados por expresar a súa opinión ante a aberración que estaba facendo o Alcalde: abrir ó tráfico unha rúa que foi proxectada para ser peonil e para darlle o carácter de vila a Guitiriz". Por iso, engadiu, "apelo ó sentido común e espero que a Subdelegación do Goberno teña a cordura de retirar as sancións porque o contrario non encaixa para nada nun sistema democrático".

Polín subliñou que a reacción veciñal foi "totalmente pacífica. Consistiu en cruzar os pasos de peóns e cantar cancións populares diante da casa do Alcalde, e non creo que iso se poida considerar algo punible". A socialista guitiricense considerou que as sancións impostas buscan "recortarnos a todos liberdades democráticas, algo que non podemos permitir, nin nunca pode ocorrer".

"Atentado a dereitos fundamentais"

Segundo recollen as alegacións presentadas hoxe polos afectados, e tal e como defenden os socialistas, as sancións ós veciños supoñen "un atentado contra os dereitos fundamentais, recollidos na Constitución, de liberdade de expresión, reunión e manifestación". O mellor exemplo, sinalan, de que non se produciu ningún feito constitutivo de delicto é que ningún axente da lei lles comunicou nese momento ós alí presentes que estaban alterando a orde pública, nin foron identificados, nin se lles ordeou que disolvesen a concentración, nin tampou se lles informou de que ían ser denunciados por tales feitos.

O Alcalde incumpra a orde do xuíz

Por outra banda, Regina Polín criticou que, pasado un mes e medio dende que o xulgado Contencioso Administrativo de Lugo, acollendo a solicitude da Deputación, lle ordease ó

Concello guitiricense a reposición dos elementos arquitectónicos que retirou da rúa do Mercado para reabrila ó tráfico, o Alcalde, Xosé María Teixido, siga "incumprindo o mandato xudicial, pois dalí faltan, polo menos, un banco, dúas xardineiras de cantería e unha papelería". O Contencioso decretou igualmente como medida cautelar, e tamén por petición do organismo provincial, a paralización das obras iniciadas pola entidade local.

"Actitude irresponsable de Teixido"

Polín subliñou que a Deputación levou a cabo hai dous anos a peonalización da Rúa do Mercado en "total consenso co Concello". Sen embargo, co cambio de mandato, o actual Alcalde, Xosé María Teixido, "rompeu unilateralmente ese acordo institucional sen ningún tipo de xustificación e, como se pode constatar, tamén coa oposición dos veciños, e despois quixo reabrir ó tráfico a rúa. Os acordos e consensos entre administracións non se poden romper así como así, porque cambien os gobernantes, hai que gardar un mínimo de respecto institucional". Deste xeito, engadiu a socialista, "esta é unha mostra máis da actitude irresponsable e de confrontación dun rexedor que tan só busca o conflito permanente dende o mesmo día da súa toma de posesión, en vez de a colaboración institucional".

"Creo que o problema máis grande non é xa a rúa en sí, que sexa peatonal ou o deixe de ser, senón a brecha que abriu entre os veciños de Guitiriz. Estase creando un ambiente totalmente negativo que o vecindario non merece", asegurou.

Lugo, 10 de xullo de 2013

Saúdos,
Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo